



Atención á diversidade: urxencia educativa

Que é a inclusión educativa?

“Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten.”

Isto dicía no ano 2021 a normativa que publica a Consellaría de Educación para desenvolver o Decreto de atención á diversidade que publicara no ano 2011. Unha década na que o profesorado seguía resolvendo o día a día do alumnado con necesidades

demostrando o inútil dunha norma que a día de hoxe segue sendo papel mollado xa que, as garantías das que fala, están moi lonxe de ser acadadas.

Isto xustifica que continuemos reivindicando en cada xornada de folga, en cada manifestación, peche, concentración e en cada acto convocado pola CIG Ensino que a atención á diversidade ten que ser unha prioridade de quen nos goberna.

Os propios centros educativos e as familias están demostrando a través de protestas continuas desde o curso pasado que hai eivas na atención ao alumnado máis vulnerable que non se poden tolerar.

A Consellaría de Educación e a (des)atención á diversidade.

O papel do profesorado: misión imposible

TODAS E TODOS PARA TODO E NINGUÉN PARA NADA

A axeitada atención á diversidade pasa por un proceso de ensino-aprendizaxe o máis individualizado posible; a heteroxeneidade e as diferenzas do alumnado teñen que ser considerados factores positivos e enriquecedores de todo este proceso.

O profesorado debe elaborar unha resposta educativa adaptada ás diferentes potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais.

Non só o alumnado cun diagnóstico debe ser atendido, cada crianza ten dereito a que se atendan as súas características persoais e a realidade amósanos esa necesidade de adaptación.

O papel terma de todo, pero o día a día demostra que “ASÍ NON, SEÑOR CONSELLEIRO”. Con estas políticas ás que nos teñen acostumadas non se lle pode exixir ao profesorado que acade o soñado mundo ideal desta Consellaría no eido da desatendida atención á diversidade.

Non se pode mirar para outro lado e seguir gobernando coma se nas aulas tiveramos a mesma realidade que hai 15 anos, o incremento exponencial do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten que marcar a folia de ruta desta Consellaría, ten que ser unha prioridade nas decisións de calquera aspecto relacionado co sistema educativo, o eixe e alicerce que sustente cada actuación.



Porcentaxe de alumnado NEAE e NEE

Curso	2020/2021	2023/2024
NEAE	8,6%	12,5%
NEE	4,7%	5%
Total	13,3%	17,5%

Segundo datos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, fornecidos pola propia Consellaría de Educación, no curso 23/24, desde infantil até ciclos superiores, había máis de 17.800 s matrículas en aulas ordinarias con necesidades educativas especiais e máis de 47.400 con necesidades de apoio educativo. Se comparamos estas cifras en porcentaxes co curso 20/21 o incremento é máis que significativo, catro puntos máis, pasando do 13,3% de alumnado con necesidades sobre o total ao 17,5%. En concreto as necesidades educativas especiais desde o segundo ciclo de infantil até ciclos superiores de FP incrementouse sobre todo en infantil, debido aos diagnósticos máis temperás pasando de 987 a 2.439 en cifras absolutas e tamén significativamente na Formación Profesional na que até hai poucos anos esta non era unha problemática relevante. Cómpre lembrar que o alumnado NEE é aquel con condicións graves (discapacidade intelectual, motora, auditiva, visual, trastorno do espectro autista (TEA), trastornos de comunicación, trastornos graves de conduta ou pluridiscapacidade).

Alumnado NEE

Curso	2019-2020	2023-2024
Infantil	987	2439
Primaria	6584	7114
Eso	6098	5238
Bacharelato	749	818
FP Básica	509	674
Grao Medio	556	915
Grao Superior	291	428
Outros programas formativos	238	224
Total	16.012	17.850

No que ten a ver co alumnado NEAE (con diagnósticos como dislexia, trastorno da linguaxe, altas capacidades, TDAH, vulnerabilidade socioeconómica, incorporación tardía, alumnado

migrante con dificultades coa lingua ou de adaptación...) o incremento foi aínda máis relevante neste período de tempo, destacando especialmente as etapas de primaria, ESO, Bacharelato e FP.

Alumnado NEAE

Curso	2019-2020	2023-2024
Infantil	5088	4142
Primaria	15.365	21.144
Eso	8371	17.836
Bacharelato	246	2025
FP Básica	601	1334
Grao Medio	106	699
Grao Superior	20	209
Outros programas formativos	64	20
Total	29.861	47.409

Aínda que non hai datos oficiais da Consellaría de Educación, o que está claro é que o incremento do número de alumnado con necesidades non estivo acompañado neste período co aumento de persoal especialista, de Orientación nin auxiliar coidador.

Máis alá das cuestións directamente relacionadas coa atención á diversidade, a CIG-Ensino entende que hai que ter altura de miras e reducir o número de alumnos e alumnas por aula así como o horario lectivo do profesorado, medidas que repercuten sen lugar a dúbidas na calidade do ensino de todo o alumnado.

ORIENTACIÓN EDUCATIVA DO SÉCULO PASADO

Algo que depende en exclusiva da Consellaría de Educación é a actualización da normativa vixente en materia de orientación educativa. Temos unha lexislación ao respecto que data do século pasado. Era 1998 cando se publicou a estrutura do sistema de orientación en Galiza e seguimos cunha rede de departamentos de orientación totalmente obsoleta.

En cada mesa sectorial na que se trata a atención á diversidade, a CIG Ensino traslada a necesidade de trazar un novo mapa de orientación que responda de forma coherente á realidade actual na que, non só hai que ter en conta o número de alumnado de cada centro, senón a porcentaxe de alumnado con necesidades, a casuística particular dos centros do rural ou a lóxica das itinerancias e dos centros compartidos e adscritos.

No canto de valorar o sistema de orientación en base á rendibilidade do mesmo en termos economicistas, debería valorar o criterio que as xefas e xefes

dos departamentos de orientación transmiten aos equipos directivos e á inspección educativa conforme ás necesidades reais.

O traballo dos EOE tamén é outro eido no que a Consellaría amosa o seu desprezo ao traballo dos profesionais da orientación, desde cuestionar os recursos humanos que se destinan a un alumno/a establecidos nos ditames de escolarización, até manter durante anos sen cubrir prazas dos especialistas destes equipos.

A proposta histórica da CIG-Ensino foi sempre e segue sendo a necesidade de ampliar os Equipos de Orientación Específicos cunha maior dotación a nivel provincial para que poidan realmente cumprir coas numerosas funcións que a normativa lles encomenda.

OS INVENTOS FINANCIADOS POR EUROPA: PROA+ DENTRO DO PLAN MEGA

É unha vergoña que se estableza un baremo de puntos para valorar os centros aos que se enviará profesorado de apoio, baremo no que aparecen apartados tan absurdos como que o 40% do alumnado participase nas últimas avaliacións de diagnóstico.

Foméntase a competencia entre os centros por acadar recursos a costa de investir horas e horas en procesos burocráticos que non garanten acadar eses recursos humanos máis que xustificadas polos departamentos de orientación. A Consellaría obriga aos centros a mendigar recursos para o alumnado como se se tratase dunha carreira de fondo na que se pode gañar ou non.

O Plan MEGA supuxo a maquillaxe perfecta para a Consellaría, un plan que a CIG Ensino ten xudicializado por tratarse de contratos en precario, sendo medias xornadas a maioría escollidas por docentes mulleres hipotecadas pola conciliación familiar e os coidados, que rematan a 30 de xuño e que tiñan que ser prazas para PT e AL a tempo completo adxudicadas no CXT, ou cando menos no CADP, xa que responden a necesidades dos centros perfectamente informadas para poder atender minimamente ao alumnado. A maiores, cómpre sinalar que moitas destas prazas son de primaria ou inglés para cubrir prazas

“A Consellaría obriga aos centros a mendigar recursos para o alumnado como se se tratase dunha carreira de fondo na que se pode gañar ou non”



estruturais polo aumento de grupos fóra de catálogo e, polo tanto, non de profesorado especialista nin para a realización de apoios e reforzos, que era a finalidade destes fondos europeos. Despois de que a CIG-Ensino presentara no xulgado varias demandas polo cese deste persoal a 30 de xuño este curso moitas prazas saíron no CADP para incorporarse o día 1 de setembro aos centros.

Xáctase o conselleiro de que o sistema galego é o máis inclusivo do Estado cada vez que presenta unha actuación propagandística no eido de atención á diversidade. Así o fixo falando da estratexia Eduinclusion2030, á que se ían destinar 28 millóns de euros a partir do presente curso logo de seguir un proceso de “escoita activa”, dicía o conselleiro con diversos colectivos. Mágoa que non saibamos o destino de tantos cartos e que entre os colectivos cos que se contou non estivesen as organizacións sindicais. Unha vez máis evidénciase o desprezo de quen nos goberna de cara ao colectivo docente que, ao final, é quen no día a día afronta e sofre, xunto co alumnado e as familias, as consecuencias de non poder atender á diversidade debidamente.

FALTA DE NEGOCIACIÓN

Por outro lado, as organizacións sindicais asinantes do Acordo de “melloras” son cómplices da Consellaría entrando nunhas regras de xogo a todas luces tramposas ao inventar un marco negociador que lle dá cobertura ás súas cesións e ao mesmo tempo pretende transmitir a farsa dunha negociación lexítima. Con esta argucia non só desprestixian o órgano de negociación da Mesa Sectorial, senón que tamén pretenden excluír o sindicato maioritario.

Así as cousas, a Administración segue recortando na atención á diversidade, tal e como a CIG-Ensino alertou cando o pasado 26 de xuño, sen previo contraste nin negociación coa representación legal

do profesorado, nos atopamos cunhas instrucións para o actual curso escolar que inciden nos recortes en recursos humanos, na unilateralidade na toma de decisións e na imposición de controis de carácter político sobre as necesidades de persoal especialista de PT e AL nos centros. Entendemos que estas instrucións veñen sendo unha escusa para a aplicación do control político, da falta de transparencia, do aforro de persoal que repercute, en última instancia, nun alumnado abandonado. O novo sistema de tramitación e de control das peticións dos centros, froito destas instrucións, supuxo, na práctica, eliminar o concurso específico de prazas de atención preferente que, sendo un parche, permitía un mínimo control sindical e por parte dos centros, ao se coñeceren con antelación as prazas a ofertar.

Con este procedemento, créase unha comisión dun marcado carácter político con tres cargos de libre designación á fronte na que non se recolle un mínimo de transparencia nas decisións que se toman nin se articulan mecanismos de control sobre as resolucións que se adoptan, relegando a un papel totalmente secundario a estrutura da orientación educativa, tanto a dos centros educativos como a dos EOE.

Ante esta situación, o sindicato insiste na necesidade de publicar unha listaxe con todas as prazas solicitadas, tanto as que se deron, como as que se prevía autorizar “extraordinariamente” e non se materializaron, como as que se denegaron, ante a falta dunha negociación real que debería darse nas Xuntas de persoal provinciais, como viña sendo até o curso pasado.

REDUCCIÓN DO HORARIO LECTIVO CON SALDO NEGATIVO

As consecuencias da redución do horario lectivo no corpo de mestres supuxo desatender ao alumnado máis vulnerable. Os danos colaterais dunha baixada do horario lectivo sen o imprescindible investimento en profesorado tivo como consecuencia que se deixasen de facer desdobres, apoios e outro tipo de medidas que desde os centros se xestionaban para poder atender as necesidades do alumnado. Que pensa o conselleiro que estaba a facer o profesorado nesas dúas horas nas que reduciron o horario? A CIG-Ensino denuncia que a Consellaría queira facer cómplice ao profesorado da súa mala xestión. Co Acordo de “melloras” ao que se chega con CCOO, UXT e ANPE, e ao que se uniu agora CSIF, reducíronse as horas de presenza no centro, máis non a carga de traballo. Neste aspecto ten feito fincapé a CIG-Ensino que considera inaceptábel que o devandito acordo non recollese un incremento



de persoal docente. A mingua da calidade do ensino pasa por este tipo de renuncias, a proposta da CIG-Ensino de acadar as 21 horas lectivas no corpo de mestres e as 18 horas en secundaria están ligadas ineludiblemente ao aumento de profesorado, liña vermella para o sindicato maioritario na sinatura de calquera acordo.

AS FAMILIAS, INCANSABLES NAS REIVINDICACIÓNS

O papel que xogan as familias en canto á atención á diversidade ten unha importancia especialmente relevante no curso actual. Comezamos o curso 2025/2026 con numerosas protestas, convocatorias de concentracións e manifestacións por parte de familias que ven desatendidas as súas crianzas porque a Consellaría lles nega os recursos que promete.

Temos noticias de prensa de forma frecuente nas que familias a título particular e de forma organizada como ANPAs denuncian a falta de recursos e a imposibilidade de que os seus fillos e fillas contengan os recursos que necesitan en canto a persoal especialista nos centros de ensino.

Esta Consellaría non debería sentir máis que vergoña de que as familias do alumnado máis vulnerable teña que acudir aos medios de comunicación para darlle voz e visibilidade ás súas reivindicacións.

Propostas e apostas da CIG ensino.

O papel do profesorado: misión posible

A atención á diversidade foi de sempre unha prioridade nas reivindicacións da CIG Ensino. Asumimos a responsabilidade de loitar polas condicións laborais do profesorado das que directamente se beneficiaría todo o alumnado en xeral e o alumnado con necesidades en particular. A nosa loita por un ensino público galego de calidade pasa inevitablemente pola aposta por unha atención á diversidade real e inclusiva.

INCREMENTO DO PROFESORADO DE APOIO, PT E AL

É indiscutible o papel primordial que o profesorado de PT e AL ten no que atinxe á atención á diversidade, o aumento destes especialistas é un dos puntos chave para poder falar do dereito de todo o alumnado a ter un proceso de ensino-aprendizaxe adaptado.

En cada negociación coa Consellaría de Educación sobre vacantes, a CIG Ensino insiste na necesidade de aumentar a dotación de PT e AL nos centros de ensino. En concreto, fixamos a atención nos seguintes aspectos:

1 Máis prazas de PT e AL definitivas

No CXT hai que engadir prazas de PT e AL definitivas en todos os centros. Neste sentido

cabe lembrar que o Acordo de postos de traballo dos CEIPs e CEE do 8 de xuño de 2007, asinado pola CIG-Ensino e actualmente en vigor, supuxo un incremento fundamental de docentes nas escolas de infantil e primaria e recolle que “naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidade educativa específica poderanse incrementar os catálogos en función do número e tipo de necesidades, especialmente de PT e AL”. Isto só se levou a efecto no ano 2018 cando, logo dun estudo realizado pola CIG-Ensino, desvelando as enormes carencias e a elevada provisionalidade de persoal de PT e AL nos centros, conseguíuse un incremento de novas prazas definitivas nos centros. A cifra acadada quedou moi lonxe do obxectivo que se marcara o sindicato, non só polo número escaso senón polo carácter compartido de ditas prazas.

“Xáctase o conselleiro de que o sistema galego é o máis inclusivo do Estado cada vez que presenta unha actuación propagandística no eido de atención á diversidade”



Para o profesorado require un esforzo importante saber como adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe para o ACNEAE. A Consellaría ten que evitar que o tempo de adaptación entre o/a alumno/a e o/a docente non teña que repetirse cada comezo de curso creando prazas definitivas de PT e AL.

2 Dotación de PT e AL provisionais

É preciso articular un sistema para asignar prazas de PT e AL aos centros de maneira extraordinaria e provisional baseado no control e na transparencia, que inclúa a publicación específica destas prazas, un prazo para que os centros educativos poidan presentar alegacións e a súa negociación nas Xuntas de persoal provinciais de maneira diferenciada do resto de prazas (ordinarias, xubilacións, liberacións, etc.), co fin de garantir unha asignación máis xusta e axustada ás necesidades reais dos centros e do alumnado.

3 Non discriminación do persoal de PT, AL e Orientación

É preciso permitir o acceso a coordinacións para que todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, poida adquirir méritos en pé de igualdade. Temos coñecemento de que a inspección educativa se dirixiu aos equipos directivos para indicarlles que os especialistas de PT e AL non podían ser nomeados para funcións distintas ás de apoio directo co alumnado. Desta forma estase limitando a posibilidade de puntuación do CXT no apartado de “Outras funcións docentes” que si pode ter calquera docente doutras especialidades.

4 Creación de prazas definitivas de AL e aumento das de PT en institutos

Outra das reivindicacións que sempre temos presente é que o profesorado de AL poida ter destino definitivo nos centros que imparten

Secundaria e FP xa que entendemos que non tería máis ca efectos positivos na atención do alumnado en xeral e do acneae en particular. E, por suposto, é necesario incrementar o número de especialistas de Pedagogía Terapéutica, moi necesarios nos IES e nos CIFPs, especialmente onde se imparte FP Básica.

5 A inclusión empeza na educación infantil

Esta etapa é unha das grandes esquecidas desta Consellaría que ao non ser obrigatoria déixaa fóra dos recursos materiais e humanos destinados á atención á diversidade. Desde a CIG-Ensino insistimos na importancia fundamental da educación infantil en canto á prevención das dificultades de aprendizaxe e á atención temperá.

6 Na FP tamén hai (cada vez máis) diversidade

O profesorado de apoio debería ter un papel relevante tamén nas ensinanzas de FP, por iso desde a CIG-Ensino reivindicamos a necesidade de adxudicar prazas definitivas nos CIFP e nos IES que imparten estas ensinanzas para garantir persoal especialista en todos os graos: básicos, medios e superiores.

7 A ratio que importa: a de alumnado/especialista

A ratio máxima de alumnado atendido por PT e AL tamén está pendente de regularizarse. Non pode ser que non haxa un límite de alumnado para ser atendido por estes especialistas. Temos exemplos inconcibibles nos que un/unha docente de PT ten no seu horario máis de 20 alumnos/as.

Fronte ao temor da Consellaría de que o profesorado especialista de PT e AL se poida “aburrir” nos centros, desde a CIG Ensino apostamos por unha dotación de especialistas definitivas mínima para que se garanta a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, independentemente do curso escolar no que estea, e se manteña no tempo. Ademais, cómpre garantir a adxudicación do profesorado provisional necesarios para atender as situacións extraordinarias que se dan nos centros.

SERVIZOS DE ORIENTACIÓN E NON “BATELUMES”

Como xa se indicou, os servizos de orientación, os departamentos e máis os EOE precisan dunha actualización, a normativa do século pasado está totalmente obsoleta e non responde á realidade que temos nas aulas.

A rede de DO, os centros compartidos ou adscritos ou a existencia de varios EOE provinciais son aspectos sobre os que hai que debater nas

mesas de negociación de forma urgente. En todo caso, como pasaba con PT e AL a medida estrela pasa polo orzamento, polo investimento en recursos humanos para ser capaces de atender á diversidade. Non pode ser que os e as especialistas de Orientación estean nos centros funcionando a modo de “batelumes” atendendo as urxencias, non podendo dar solución ás prioridades e tendo que deixar de lado a quen o necesita algo menos. Desde a CIG-Ensino consideramos imprescindible abordar os seguintes puntos:

1 Máis orientadoras e orientadores

A CIG-Ensino continúa propoñendo que se teña en conta no CXT e no concurso específico de orientación de primaria que o criterio para que existan vacantes sexa a redución da ratio de alumnado por cada profesional de orientación até acadar a proporción de 1 por cada 250 como recomenda a UNESCO. Neste sentido, na última mesa sectorial sobre este asunto a CIG pediu á Consellaría que retirara as 187 vacantes e resultados de orientación compartida que se convocaban no concurso de primaria, algunha delas entre 3 centros diferentes, para establecer uns criterios que limiten este tipo de prazas.

2 Orientación en todos os centros

Ademais solicitamos que se dote con persoal de orientación definitivo os centros educativos que actualmente non contan con estes especialistas, unha medida que beneficiaría sobre todo ás ensinanzas de réxime especial nas que non está contemplada esta figura. Desde a CIG-Ensino considérase que esta proposta é viábel. Non é comprensible que as ensinanzas de réxime especial estean excluídas do ámbito de aplicación da normativa referida á atención á diversidade, ademais de ser imprescindible poder traballar a orientación laboral e profesional co seu alumnado. A Consellaría, que presume de pioneira en moitos aspectos, podía tomar nota doutros sistemas educativos do Estado nos que os servizos de orientación educativa e profesional e os especialistas de apoio tamén están presentes nos centros de ensinanzas de réxime especial.

3 A segunda praza de Orientación como solución provisional

Mentres non se acada a ratio de 1 orientador/a por cada 250 estudantes, cómpre dotar os centros con esa segunda praza de Orientación. En xuño de 2019 a Consellaría anunciou que dotaría os centros “máis grandes” con esa segunda praza de Orientación Educativa. Nos seguintes tres

anos creouse en só 15 centros de todo o país, unha medida moi demandada e que se tornou insignificante polo número de prazas dotadas. Actualmente atopámonos con departamentos de orientación unipersoais atendendo a máis de 1000 alumnos/as.

4 A burocratización como sinónimo da orientación

Polo que se refire á excesiva burocracia debemos ter en conta que as funcións dos responsables dos servizos de orientación son moitas e extensas. Sen dúbida, estes son un dos colectivos docentes máis castigados polos trámites, informes e protocolos. Non se pode permitir que o 90% do seu traballo estea destinado á elaboración de documentación de utilidade para as estatísticas da Consellaría pero moito menos para a atención do alumnado. As decisións que se teñen que adoptar desde os DO en canto á aplicación de medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade teñen actualmente un retraso importante dada a cantidade de burocracia que se esixe para xustificar a necesidade dos recursos. Desde a Consellaría debería darse facilidades aos equipos e os departamentos de orientación para levar a cabo o seu traballo e non asfixiar o profesorado con burocracia innecesaria. Neste sentido, debemos lembrarlle ao conselleiro que non queremos traballar menos, senón traballar mellor.

PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE IMPRESCINDIBLE

Non podemos esquecer aos membros de equipos directivos que reciben a cotío trabas por parte da administración e ven como se lles denegan desdobres, agrupamentos e profesorado. Así mesmo, temos presente o profesorado titor que, exercendo esa función, ten que investir horas e horas na atención ao seu grupo con multitude de casuísticas ás que dar resposta no día a día. A Consellaría debe regular que ao profesorado responsable dunha titoría se lle computen dúas horas de atribución horaria lectiva semanal para este labor.

“Non pode ser que os e as especialistas de Orientación estean nos centros funcionando a modo de ‘batelumes’ atendendo as urxencias, non podendo dar solución ás prioridades e tendo que deixar de lado a quen o necesita algo menos”

Por outra banda, o profesorado de área, materia, ámbito ou módulo tamén ten a obriga de atender á diversidade e hoxe en día está desbordado poñendo en práctica medidas ordinarias como os reforzos educativos ou extraordinarias como as adaptacións ou flexibilizacións. Ambas supoñen un traballo a maiores do habitual de preparación e para o que se debería garantir o asesoramento por parte dos servizos de orientación e o apoio dos especialistas necesarios dentro ou fóra da aula co fin de garantir o aproveitamento dos contidos da súa materia. En xeral, como se demandan nas

mobilizacións lideradas pola CIG-Ensino é máis que urxente a recuperación das 18 e 21 horas de todo o profesorado en xeral co conseguinte aumento dos cadros de persoal para poder realizar desdobres e apoios.

Outros profesionais que se precisan nos centros son os intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira, así como o persoal auxiliar coidador do que actualmente hai numerosas demandas ás que non se lle deu resposta desde a Administración.

Tome nota, señor conselleiro

Os colectivos de alumnado que precisan unha atención específica son:

- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
- Alumnado con necesidades educativas especiais
- Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural
- Alumnado con altas capacidades intelectuais
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo
- Alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro
- Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal
- Alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- Alumnado pertencente a familias itinerantes
- Alumnado procedente do estranxeiro
- Alumnas embarazadas

Ás crianzas que están nestes colectivos e que aparecen no decreto de atención á diversidade, temos que sumarlle todas as demais que están nas aulas, unha heteroxeneidade que parece descoñecer titular da Consellaría de Educación. Estas crianzas son as que estamos atendendo nos centros en condicións extremas para o profesorado totalmente desamparado por parte da Consellaría. Un profesorado que está ao límite das súas forzas supeditando a súa saúde física e mental a unha vocación profesional da que se vale a Consellaría para alardear dun sistema pioneiro na inclusión educativa.

Sería imposible que a Consellaría puidese facer fronte ás horas extras que o profesorado leva invertido en facer realidade a soñada educación inclusiva. Se a atención educativa se está desenvolvendo nos centros cun mínimo de garantías para o alumnado con necesidades é pola implicación do persoal docente e non docente que priorizan o benestar dos nenos e nenas en detrimento das súas condicións laborais. Por iso e por moito máis “ISTO NON É INCLUSIÓN EDUCATIVA É PROPAGANDA ACTIVA”.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal